



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE MARZO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28/02/2012)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e oito de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Dar conta da relación certificada de obrigas pendentes de pago remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de conformidade co establecido no art. 3 do R.D.L 4/2012, do 24 de febreiro

En cumprimento do establecido no artigo 3 do Real Decreto- Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais (BOE núm. 48/2012, do 25 de febreiro), dáse conta da relación de obrigas pendentes de pago, remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



ACREEDOR	NIF	Nº FACTURA	IMPORT	REXISTRO	PPTO	VENCMT
SOGAMA, SA	A15379803	2011/3204	7531,00	30/12/2011	2011	
SOGAMA, SA	A15379803	211/2749	7744,17	22/11/2011	2011	
AQUAGEST, SA	A28220606	277-12/11F	29727,22	26/07/2011		
GAS NATURAL, SA	A65067332	125 fras. ALPUB maio	9228,23	26/07/2011	2011	
GAS NATURAL, SA	A65067332	133 fras. ALPUB Xuño	13452,69	29/09/2011	2011	
GAS NATURAL, SA	A65067332	137 fras. ALPUB Xullo	8157,01	29/09/2011	2011	
GAS NATURAL, SA	A65067332	149 fras. ALPUB Set.	19404,52	30/12/2011	2011	
TRABAJOS Y MEDICIONES CATASTRALES, S.L.	B15141294	023/2011	6110,50	30/11/2011	PTE	
ULLA-OIL, SL	B15417561	21-2343	1833,60	25/10/2011	2011	27/03/2012
ULLA-OIL, SL	B15471561	31-4581	1838,68	25/10/2011	2011	27/03/2012
ULLA-OIL, SL	B15417561	31-4586	1419,00	25/10/2011	2011	27/03/2012
ULLA-OIL, SL	B15417561	31-5074	1211,28	25/10/2011	2011	27/03/2012
ULLA-OIL, SL	B15417561	31-5739	1131,00	25/10/2011	2011	27/03/2012
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011216	2588,81	22/11/2011	2011	
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011217	2543,37	22/11/2011	2011	
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011218	2525,75	22/11/2011	2011	
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011219	1362,55	22/11/2011	2011	
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011220	2781,61	22/11/2011	2011	
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011221	2610,68	22/11/2011	2011	
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011222	2155,64	22/11/2011	2011	
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011223	2298,64	22/11/2011	2011	
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011224	1936,73	22/11/2011	2011	
ELECTRICIDAD CRUCEIRO, SL	B15457575	2011225	2888,17	22/11/2011	2011	
CONSTRUCCIONES BOQUEIXON, SL	B15481716	361-11	21830,00	09/08/2011	2011	
MAPOCA, SL	B15533003	11/0124	19969,49	22/06/2011	2011	27/03/2012
MAPOCA, SL	B15533003	11/0218	17993,32	25/10/2011	2011	
OBRAS Y VIALES GALICIA, SL	B15608193	EO0182/11	22000,00	09/08/2011	2011	
COESCO DEZA, SL - SOCYSER	B36307270	365	10727,87	22/11/2011	2011	
COESCO DEZA, SL - SOCYSER	B36307270	413	10317,80	22/11/2011	2011	
SIRTELCO, S.L.	B70021761	94	5317,08	11/11/2011	2012	
SOCISER GALICIA, SL	B94051349	32	9049,51	30/12/2011	2011	
GRUPO ACOFIDE, SC	G70026604	52	5826,25	22/11/2011	2011	26/04/2012
UTE URBEPLAN, SL Y ARC IN	U70178413	02/2011	25513,88	26/07/2011	2011	
		TOTAL	281026,05			

O Pleno dáse por informado.



3º.- Aprobación, se procede, do plan de axuste 2012-2022

En cumprimento do establecido no artigo 7 do Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais (BOE núm. 48/12, do 25 de febreiro), dáse conta do seguinte Plan de Axuste 2012-2022 elaborado de acordo cos requisitos establecidos no mesmo:

Antecedentes:

O desaxuste produciuse nun exercicio concreto (2010) que constitúe unha excepción, dado que o Concello de Vedra atopouse nunha situación de equilibrio en todos os demais exercicios. En 2011 xa se tomaron medidas para reducir o desaxuste e eliminar o remanente líquido de tesourería negativo antes de fin de 2013.

O endebedamento do Concello de Vedra é moi baixo (847.000 euros, a finais de 2012 incluíndo a operación prevista) cunha data de finalización do endebedamento para finais de 2019.

Polo tanto este concello non necesita acometer cambios estruturais de envergadura, xa que os ingresos correntes cobren suficientemente os gastos correntes e a anualidade de amortización dos préstamos cos seus correspondentes xuros.

Criterios de elaboración do Plan de Axuste 2012-2022:

Ingresos: Principio de prudencia: considérase un incremento medio anual do 1%.

Orixe do incremento:

- Aumento anual do 10% da base imponible do IBI de urbana ata 2019 segundo o novo relatorio de valores aprobado en 2009.
- Aumento do IVTM no ano 2017.
- Aumento das taxas durante 2012 e 2013 (abastecemento de auga, recollida de lixo e servizos deportivos).
- Aumento do ICIO por aumento de mínimos a partir de 2013 e aumentos a partir de 2016 polo desenvolvemento do polígono industrial.
- Aumento por IAE a partir de 2017 polo desenvolvemento do polígono industrial.
- Conxelación do resto dos ingresos (participación nos tributos do Estado, no Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia e financiamento de certos servizos).
- En 2020 remata a compensación da liquidación negativa na participación dos tributos do Estado de 2008.
- En 2021 remata a compensación da liquidación negativa na participación dos tributos o Estado de 2009.

Gastos: Principio de remuneración:

- Os gastos correntes redúcense nun 3% entre 2011 e 2013 pola redución de gastos de persoal, conxelación de gastos en bens correntes e servizos e redución por medidas de aforro en alumeados públicos.
- Considérase un incremento medio dos gastos correntes do 2% anual entre 2013 e 2022 correspondente exclusivamente ao IPC previsto.



-Prevese unha operación de endebedamento a curto (300 a 2 anos) e outra a longo (250 cun máximo de 5 anos) coincidindo coa execución de obras de urbanización do polígono industrial entre 2014 e 2015.

-Prevese a operación de endebedamento R.D.L 4/2012 a 7 anos (2 de carencia e 5 de amortización, con posibilidade de cancelación anticipada).

-En marzo de 2012 comezouse un plan de aforro, mediante o apagado selectivo de farois de alumeadado público co que se conseguirá un aforro de ata o 20% no gasto de subministro correspondente.

A Presidencia di que o plan foi amplamente debatido na Comisión Informativa de Economía do pasado luns e na previa a esta sesión. Expón que este plan que se presenta, que pode ter vantaxes en relación ao plan económico-financeiro aprobado no pleno anterior, foi elaborado con gran esforzo por parte dos técnicos municipais, sobre todo pola urxencia, e con criterios técnicos, onde se prevé que entorno ao 2017 se pode liquidar, e incluso antes se as circunstancias económicas o permiten, e en canto ao incremento das taxas, que é un dos criterios que terán en conta no Ministerio.

Di que tendo en conta as circunstancias económicas dos veciños de Vedra non parece lóxico cargar todo o peso sobre eles, e só se van revisar algunhas taxas das que xa se viña falando: abastecemento de auga, que vén imposto ao subir o prezo o concello de Boqueixón que é quen nos subministra; sumidoiros e saneamento queda como está ata que se amplíe este servizo a máis vivendas; recollida de lixo que se adaptará cando menos tendo en conta o IPC dos últimos anos, co que se cubrirá entorno ao 71-72% do custo total do servizo; nas taxas relativas ao ámbito deportivo (piscina, pavillón, ...etc) onde existe un desfase enorme, pois só se cubre un 9-10% do total do servizo, existe o compromiso de intentar subir ata cubrir un 35% do custo e tendo en conta as circunstancias socio-económicas dos usuarios; e no que respecta á xestión urbanística adaptando un pouco os prezos actuais e fixando un importe mínimo entre os 40-60 euros.

Sinala que este plan é importante pois permitirá axilizar os pagos aos provedores e coa disciplina orzamentaria que lle corresponde e que se lle esixe, pois os técnicos terán que enviar trimestralmente os datos a Madrid, hai que cumprilo, e permitirá pór ao concello nunha boa situación económica para poder manter os servizos que se prestan.

O Sr. Cerdeira do PSdeG-PSOE di que efectivamente o plan foi amplamente debatido e explicado nas Comisións Informativas previas, manifestando que o seu grupo quere expresar e valorar moi positivamente as explicacións dos técnicos municipais, a súa boa disposición e o traballo realizado coa prema con que tiñan que facelo.

Di que a diferenza do anterior plan económico-financeiro que votaron en contra ao non figurar ben detalladas as medidas que se propoñían, neste parece que se vai suavizar o impacto nas economías das familias e presérvanse servizos esenciais.

Sinala tamén que o éxito ou o fracaso do plan será asumido polo equipo de goberno, pero quere facer fincapé en que unha parte moi importante do éxito é a situación que se atopou este equipo de goberno cando entrou no concello, despois da xestión de 16 anos do anterior goberno socialista, e así o recoñeceron os técnicos municipais, cando os parámetros, os indicadores, ratios que cumpre este concello son moi distintos aos doutros concellos próximos e afastados, que fan que non exista un déficit estrutural e que permite que con medidas correctoras se poida conseguir unha situación óptima de financiamento.



O Sr. Pose do BNG sinala que o voto do BNG non é necesario para aprobar o plan, e fai unha análise un pouco crítica da situación: existe un fracaso do saneamento financeiro, hai políticas de austeridade pública, hai unha caída de ingresos pola caída da actividade para os concellos, hai unha imposibilidade de pagarlle aos provedores, hai menos actividade no sector público e repítese o círculo: fracaso no saneamento financeiro, E o único que lle se ocorre ao Sr. Rajoy e darlle diñeiro aos bancos para que especulen coa débeda do Estado, obriga aos concellos a cambiar a débeda dos particulares por débeda coa banca con xuros superiores aos do tesouro público en 115 puntos básicos, e aínda máis, a banca recibe 100.000 millóns de euros do BCE ao 1% e a propia banca préstanolos ao 7-8%, e esa diferenza quen a paga son os veciños con subidas das taxas e impostos .

Di ademais que en canto á autonomía municipal, estes plans supoñen unha violación da mesma, porque se vai exercer un control económico-financieiro por parte do Estado, obriga a subir tributos locais, axustar os gastos en persoal, a diminuír o custo dos servizos municipais, acometer regulacións de emprego nas entidades locais, paralizar os investimentos, que serán inexistentes, ademais de que co plan económico-financieiro aprobado no mes pasado a situación solucionábase en dous anos, e con este non vai ser ata o 2017 ou ao mellor ata o 2022, o que non lle parece razoable , polo que o seu voto vai ser en contra.

O Sr. Alvela de TEGA expón que o plan en si ten vantaxes e inconvenientes, que por un lado é vinculante e obrigatorio o seu cumprimento, e polo tanto se se aproba hai que seguir suxeitos a este tipo de control; pero por outra parte o máis importante a día de hoxe é que permite pagarlle aos provedores e aos que prestan os servizos dentro de prazos razoables.

Di tamén que en canto ao incremento das taxas, que algunha delas está absolutamente desfasada con respecto ao custe real do servizo e a súa recadación, que posiblemente habería que facelo igualmente sen ter en conta este plan e tendo en conta que existen servizos esenciais e outros que non son tan imprescindibles.

Posto a votación o citado plan de axuste apróbase con sete votos a favor do PP e TEGA, que supón a maioría absoluta legal de membros da corporación, un voto en contra do BNG e cinco abstencións do PSdeG-PSOE.

4º.- Acordo, se procede, sobre cambio de denominación da obra do POS 2012

Dáse conta da comunicación do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial sobre da necesidade de modificar a denominación da obra *Ampliación da rede de abastecemento e acometida a edificios públicos de Vedra*, porque non se axusta ao establecido no apartado 2.A.3 das bases reguladoras do Plan, xa que non se admiten as denominacións xenéricas.

Á vista da mesma, propónse modificar a denominación da citada obra por *Ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Santa Baia de Vedra e acometidas á Casa do Concello, ao Pavillón Polideportivo e ao CPI de Vedra*, quedando polo tanto o punto 1º do acordo de aprobación do POS 2012 do seguinte xeito:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
<i>Ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Santa Baia de Vedra e acometidas á Casa do Concello, ao Pavillón Polideportivo e ao CPI de Vedra.</i>	40.111,76	17.363,98	57.475,74
<i>Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara</i>	57.792,76	17.363,98	75.156,74
TOTAL	97.904,52	34.727,96	132.632,48

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

5º.- Acordo, se procede, sobre declaración do Entroido da Ulla -Entroido dos xenerais, como festa de Galicia de interese turístico.

Considerando que nas parroquias de Illobre, San Xián de Sales, Trobe e Vilanova do Concello de Vedra, xuntamente con outras dos concellos de Boqueixón, A Estrada, Padrón, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro e Vila de Cruces, existe unha celebración do Entroido con máis de cen anos de antigüidade.

Considerando que o Entroido da Ulla -Entroido dos Xenerais constitúe unha manifestación única entre as festas do Entroido, pola súa singularidade e a súa vistosidade.

Considerando que o Entroido da Ulla -Entroido dos Xenerais é unha mostra singular de mantemento da identidade territorial, tanto polo percorrido realizado polas comparsas, como polo traballo que implica a súa posta en marcha, que supón a colaboración solidaria dun número grande de veciños e veciñas.

Considerando que o Entroido da Ulla -Entroido dos Xenerais resulta un exemplo único do patrimonio inmaterial da comarca cunhas raíces históricas que se perden nas distintas guerras e batallas que tiveron lugar na comarca durante a primeira métase do século XIX.

Considerando que o Entroido da Ulla -Entroido dos Xenerais constitúe unha das poucas manifestacións que existen en Galicia de carácter teatral, coa posta en escena de coros, das columnas e dos atranques finais; e a peculiar maneira de entoar vivas e atranques.

Visto o disposto no Decreto 39/2011, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, en particular o seu artigo 25.c) , propónse o seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitarlle á Secretaria Xeral de Turismo da Xunta de Galicia a declaración do Entroido da Ulla -Entroido dos Xenerais, que se celebra durante a época do Entroido nos concellos de Boqueixón, A Estrada, Padrón, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces, como Festa de Galicia de Interese Turístico, de acordo co previsto no Decreto 39/2011.

Segundo.- Remitir o presente á Secretaría Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios para a execución do presente acordo.



Dona Lucía González do PSdeG-PSOE pregunta se o concello lle deu traslado desta iniciativa ás comisións de festas e asociacións de veciños das parroquias afectadas, e sobre das repercusións económicas, contestándolle a Presidencia que nas reunións que mantiveron os representantes dos concellos quedou claro que hai que respectar os entroidos parroquiais, e que existe unha comisión que comezará a traballar de cara ao vindeiro ano, e que non vai supor unha carga económica para os concellos senón todo o contrario, que suporá ter financiamento externo para esas festas.

Por último a voceira do PSdeG-PSOE di que dado que no concello de Vedra se manteñen con tradición, ano tras ano, entroidos en varias parroquias, solicita que dende o concello exista apoio, na medida da disposición orzamentaria existente, para que se melloren os mesmos, ao tempo que manifesta o voto a favor da iniciativa que se presenta

O Sr. Pose do BNG expón que tamén votará a favor e di que deberían recuperarse tal e como eran.

Posta a votación a citada proposta apróbbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Aprobación, se procede, da ordenanza da Tarxeta Metropolitana de Galicia Social (TMG Social)

Dáse conta da proposta de ordenanza reguladora da Tarxeta Metropolitana de Galicia Social (TMG Social), que ten como obxecto a regulación do réxime de concesión das axudas ao transporte colectivo por parte do Concello de Vedra, coa intención de promover e facilitar no seu ámbito territorial a mobilidade, o desprazamento e a intercomunicación a través dos medios de transporte público.

A Presidencia expón que faltaba por implantar na tarxeta metropolitana a de carácter social, e que esta ordenanza foi debatida polos representantes e técnicos de todos os concellos e logo referendada polos representantes políticos.

Di que se vai aprobar en todos os concellos da Comarca de Santiago o mesmo texto da ordenanza, cos mesmos datos aplicables e requisitos esixidos, e que segundo informou a consellería poderá utilizarse a partires do 1 de maio, co que dende o 16 de abril se poderán presentar as solicitudes nos concellos, e que se lle dará a publicidade oportuna no boletín municipal e outros medios.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE di que o seu grupo votará a favor.

Posta a votación a citada ordenanza apróbbase por unanimidade dos asistentes.

7º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de ficheiros de carácter persoal

Dáse conta da proposta do regulamento que ten por obxecto a creación e regulación dos seguintes ficheiros de datos de carácter persoal, automatizados e non automatizados, dependentes do Concello de Vedra:

Ficheiro A.- Denominación “Axentes de Promoción Económica”.

Ficheiro B.- Denominación “Participantes en accións de promoción do emprego”.

O pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar o citado regulamento.



8º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para o fomento da contratación das empresas do Concello de Vedra

Dáse conta da moción do BNG na que ante a actual crise económica, ante a necesidade do concello de realizar periodicamente contratacións de empresas, observando os problemas crecentes das empresas de Vedra e o crecemento do paro no concello e tendo en conta as promesas electorais do Grupo Municipal do PP de Vedra e en coherencia co programa que presentou o BNG nas eleccións municipais, manifesta:

Dado que o concello necesita realizar contratacións de servizos para o mantemento de estruturas e instalacións comúns, de empresas de servizos, de persoal, dado que consume materiais e recursos, etc, para o seu propio funcionamento e para acadar o benestar dos veciños.

Posto que esta actividade, constitúe un traspaso de riqueza dende o espazo público ao ámbito privado, cremos que dadas as actuais circunstancias, é básico garantir que este fluxo económico (posto que se trata de recursos transferidos dende o Estado ao Concello de Vedra) quede, na medida do posible, dentro do propio Concello de Vedra.

E solicítase o apoio do Pleno para acadar o seguinte acordo:

1º.- O Pleno do Concello de Vedra insta ao goberno municipal a non realizar ningunha contratación fóra do concello, que poida ser realizada por unha empresa asentada no mesmo.

2º.- Da mesma maneira solicítase que no caso de concorrer varias empresas/autónomos, ..etc de Vedra, sen existir grandes diferenzas nas ofertas, se proceda á realización de acordos coa finalidade de repartir o traballo contratado, e repartir desta maneira o orzamento dispoñible.

3º.- A tal fin, solicítase que, en consulta cos servizos técnicos do concello, busquen os mecanismos adecuados para acadar o anterior obxectivo adecuándose á lexislación.

4º.- Entre outras posibilidades solicítase que na publicación das bases de futuras contratacións, se recolla de forma explícita a mellora na puntuación para aquelas empresas afincadas no noso concello, ou calquera outra variable que os servizos técnicos consideren adecuada para acadar os anteriores obxectivos.

5º.- Finalmente solicítase que o Alcalde consulte con todos os partidos representados no pleno as medidas deseñadas, que estas sexan (no posible) consensuadas, e sobre todo que se deseñen á maior brevidade posible.

O Sr. Pose do BNG di que previo ao pleno houbo unha reunión na que o Sr. Secretario manifestou que podía ter algún problema de legalidade.

Expón que a esta moción se chegou despois de varios rogos e porque o levaba no seu programa electoral intentalo dalgún xeito e o PP tamén así o manifestou na súa campaña; e no que levamos de lexislatura hai contratos, como é o caso do arranxo do pavillón por importe de 12.000 euros, e solicítase que non se continúe por esa liña, querendo deixar constancia de que o BNG o solicita e que o apoie quen queira.

Para facilitar que non existan problemas de legalidade modifica no punto 1º, onde di “...insta ao goberno municipal a non realizar...” por “...insta ao goberno municipal a intentar non...”, e da mesma maneira con orzamentos inferiores a 30.000 euros, solicítase que no caso de que existan varias empresas e se trate de contratacións nas que non é necesario un sistema de concurso público, dado que queda restrinxido ao ámbito local tecnicamente, que se chegue a un consenso con elas, que non é difícil dada a súa experiencia persoal e se reparta o traballo



entre elas. En canto aos puntos 3º e 4º retíraos, posto que poden existir problemas de legalidade, aínda que entende que se poderían argumentar por criterios sustentables e outros e mantería o 5, que considera moi importante.

O Sr. Lema do PP expón que lle gustaría aprobar a moción porque o seu grupo está totalmente de acordo con esa filosofía de contratar sempre na medida do posible empresas e traballadores autónomos do concello, pero que xa advertiron que existen problemas de legalidade manifestos nos acordos que se solicitan, ou cando menos, na maioría, porque entran en contradición coa lei de contratos do sector público, polo tanto solicítalle ao voceiro do BNG, en base ao punto 5º da súa moción, que a retire para presentala noutro pleno, que se redacte doutro xeito, que se chegue a consenso entre todos os grupos, e se é posible se aprobe algo no que estean todos os grupos de acordo. Se non a retira o seu grupo presentaría unha moción alternativa, cun único punto que di “O Pleno do Concello de Vedra insta ao goberno municipal a fomentar e promover a participación de empresas e traballadores autónomos de Vedra nos procesos de contratación levados a cabo polo concello”.

O Sr. Pose di que coas modificacións introducidas cre que cumpre perfectamente a legalidade, pero que non ten ningún problema en retirar a moción sempre e cando se comprometan a artellar mecanismos coa axuda dos técnicos e que non quede nunha simple frase bonita, contestándolle o Sr. Lema que se fai esa proposta é para iso e para tratar de entre todos os grupos sacar unha adiante.

O Sr. Pose di que de ser así as cousas, retira a moción.

9º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a conxelación das taxas e impostos municipais de cara ao vindeiro presuposto do 2012

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que a subida de impostos anunciada polo Goberno Central para o vindeiro ano supón un importante lastre para a economía de todos os cidadáns, especialmente para os de rendas medias e baixas, xa que o incremento do IVE en dous puntos supuxo unha importante perda de poder adquisitivos dos cidadáns, que grava a castigada economía das clases traballadoras nun momento de grave crise económica e repercutirá directamente na creación de postos de traballo e en consecuencia será un motivo máis polo que este país será o último en iniciar o despegue económico, tal e como indican todos os organismos internacionais.

Di ademais que a diminución das transferencias do Estado e a recadación das administracións locais, orixinada polo descenso da actividade económica, require a adopción de medidas urxentes para que a crise económica non derive nunha crise social, polo que solicitan a adopción dos seguintes acordos:

- 1º.- A conxelación dos impostos e taxas municipais no ano 2012.
- 2- O impulso dun Plan de Austeridade para eliminar gastos superfluos e asegurar os investimentos e o gasto social.

O Sr. Pose do BNG di que o Bloque cumpre os seus compromisos rigorosamente e que no último Pleno quedou sorprendido cando a voceira do PSdeG-PSOE levou a moción do



PP, que lle pareceu fascinante, polo nesgo social-demócrata, por iso a presentou tal cal cos cambios precisos e que lle parecería increíble que non a aprobasen.

O Sr. Lema do PP expón que aparte dunha ocorrencia, que se podería cualificar de simpática, e dado que está na oposición entende que ten que facer algún xesto deste tipo de cara aos seus seguidores, pero que realmente fóra de bromas o xesto non ten ningunha seriedade, porque a súa moción foi redactada nun momento concreto, no ano 2009 de cara aos orzamentos do 2010, onde a situación económica do concello era outra e non ten nada que ver coa situación actual, cando hoxe mesmo se aprobou un plan de axuste, co que non ten sentido ningún a moción, e que o plan de austeridade xa se está a facer.

O Sr. Pose di que non se trata dunha ocorrencia, senón que é a súa propia moción, que a crise comezou no ano 2008, que non cambiaron substancialmente as condicións, e que a asina integramente, e que non está a favor da subida das taxas, que el votou en contra do plan de axuste cunha xustificación moi completa do seu voto e que non quere volver a repetir.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE expón que non considera para nada unha bufonada a moción, que se refire máis a unha cuestión de ámbito estatal máis que local, e que comparte algo do que di o BNG.

Di tamén que o seu grupo se abstivo na votación do plan de axuste argumentando unha maior explicación e un maior retraso na revisión da carga impositiva, e polo tanto e tendo en conta que o plan de austeridade está en marcha e o incremento das taxas non vai ser tanto como se establecía no 1º plan económico-financeiro o seu voto vai ser a abstención, porque as medidas que se contemplan non son compatibles co que se aprobou.

O Sr. Alvela de TEGA di que vimos de aprobar os criterios de elaboración do plan de axuste para intentar que saia adiante, onde se contempla algunha modificación das taxas, servizos que están moi por debaixo en ingresos con respecto aos seus custos, e polo tanto esta moción queda fóra de lugar e o seu voto vai ser a abstención.

Posto a votación a citada moción rexeitase cun voto a favor do BNG, seis en contra do PP e seis abstencións do PSdeG-PSOE e TEGA.

10.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE sobre das participacións preferentes de NovaGalicia Banco

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido por parte da voceira do PSdeG-PSOE, dona Lucía González, dáse conta da problemática das participacións preferentes de NovaGalicia Banco (NGB), solicitando a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vedra insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Dirixirse ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores para que nun prazo non superior a un mes, autoricen as propostas que realicen as entidades financeiras galegas, nomeadamente NGB, de troco de participacións preferentes por depósitos



de prazo fixo, permitindo con isto que os afectados por este tipo de produtos perpetuos poidan acceder aos seus aforros nun prazo limitado de tempo.

2º.- Dirixirse á Comisión Europea ou a calquera organismo da Unión Europea que teña atribuídas competencias de vixilancia, supervisión e control sobre os cartos prestados polo FROB e NGB, para que preste as autorizacións precisas para trocar as preferentes por depósitos a prazo fixo.

Expón que é un tema actual, que hai moitos afectados, e que o que máis chama a atención é o abuso da confianza que sufriron as persoas que se deixaron guiar pola entidade Caixa Galicia e agora se atopan con que queren recuperar os seus cartos e non poden facelo.

Ademais solicita instar á Xunta de Galicia para que colabore para atopar unha solución, que se implique na mesma, que trate o tema con rigor suficiente, para que na medida do posible as persoas afectadas poidan recuperar os cartos nun tempo e forma razoable.

Por último agradécelle a todos que votasen a favor da urxencia , esperando ter tamén o seu voto favorable.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción.

11º.- Contestación ás preguntas formuladas en pleno anteriores

--Ás preguntas formuladas polo PSdeG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da factura de D. Marcelino Estévez Fernández, por poder para preitos, di que é para designar procuradores en A Coruña e Santiago de Compostela, e que o letrado do concello segue a ser don José M. Roibás.

2º.- En canto á factura por billete de avión do Sr. Alcalde para xestións municipais en Madrid, por importe de 120, 41 euros, di que foi o día 22 de febreiro para asistir a unha reunión, solicitada dende o concello, cos directivos do BBVA , novos propietarios dos terreos do polígono industrial que anteriormente eran da UTE, que non fixeran os pagos correspondentes. Di que o problema é que queren asinar un novo convenio, e no canto de discutir xuridicamente sobre deste tema, xa que retrasaría o expediente, redactouse unha proposta de convenio semellante ao anterior e envióselle, estando á espera de que contesten, e que o importante é que actualicen os pagos pendentes e non poñan problemas aos pagos futuros.

Ademais sinala que aproveitando a viaxe fixo xestións en relación con reclamacións que están a facer veciños de Ponte Ulla por cuestións pendentes no AVE, unha dos veciños de Caldelas, para que se prolongue unha canalización de augas ata un punto de recollida máis abaixo para evitar problemas aos veciños cando chove, e outra para que se arranxe o tramo da Vía da Prata, que ademais é á entrada no termo municipal, que vai de Ponte Ulla ata a Capela de Gundián.

3º.- Sobre das facturas de Barreras de Seguridade por sinais e espellos, di que entre as dúas facturas se mercaron 15 espellos: 10 con postes e 5 sen postes e 4 sinais con postes, estando as facturas á súa disposición para cando as queiran ver.

4º.- En canto á factura nº 48 de chalecos reversibles para o grupo de sendeirismo, di que o importe da factura é de 1.032,50 euros, que foron subministrados pola empresa Axencia Comunicando, un autónomo de Vedra, que corresponde a 80 chalecos reversibles (interior polar) e reflectores. Di ademais que é o único pedimento que fixo o grupo de sendeirismo do



Concello como patrocinio para todo o ano, e que levan o logotipo de Vedra para dar promoción ao Concello alí onde van.

5º.- A Pregunta 5ª formulada no pleno anterior queda pendente.

12.- Rogos e preguntas

-- Dona Lucía González do PSdeG-PSOE di que lle gustaría saber se hai novidades sobre desa pregunta que queda pendente de contestar, contestándolle a Presidencia que non hai ningunha noticia, sinalando a citada concelleira que na medida do posible se axilicen as xestións, esperando que se resolva da mellor maneira posible para todos os implicados, recoñecendo que non é prato de bo gusto, que é unha cuestión espiñenta, pero que non quede esquecido o tema, e se hai que pedir responsabilidades que se faga.

Ademais tamén formula as seguintes preguntas:

Primeira.- Vendo os contidos do seu programa electoral, e para que esteamos informados e poidamos marcalo na axenda, cando se vai a celebrar a I Festa da Xuventude do Concello de Vedra?

Segunda.- O 31 de maio de 2011 incoouse expediente de reposición da legalidade a José Manuel González de la Torre por un valo no lugar de Matelo. Como está o tema?

De seguido tamén formula os seguintes rogos:

Primeiro.- En días pasados recibimos a queixa de varios veciños de Calzande a propósito do aspecto do Río Santa lucía ao seu paso pola zona. Desprazámonos ao lugar e pódese comprobar que hai unha notable cantidade de lodos depositados sobre a flora acuática e acumulados nos pequenos remansos do río.

Rogamos que fagan as xestións oportunas no Concello de Santiago para que comprobemos que os efluentes da depuradora de Corexo, cumpren cos parámetros legais de vertedura, e que insten, de ser o caso dun funcionamento irregular, a que se corrixa.

Segundo.- Rogamos que lle dean un repaso ás vías municipais e reparen as marquesiñas que teñen cristais rotos ou que están sen eles, os sinais tirados e os letreiros do Roteiro da emigración que sinalicen as obras financiadas no Concello de Vedra pola comunidade vedresa emigrada. Sobre estes últimos, sinalalos concretamente, sen prexuízo doutros que poida haber, os da Ponte de Bazar e Pontecouso.

Terceiro.- No pleno do 17 de marzo de 2011, o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade concederlle a Medalla de Prata de Vedra a don Manuel Barcia Valiñas, en mérito á dedicación e educación durante tantos anos como director do Colexio Público de Vedra. Rogamos que se conceda xa esta distinción, que xa pasou un ano dende que o Pleno tomou este acordo.

Cuarto.- Á vista da situación de seca que estamos a padecer, e dado que empezan a estenderse os lumes por Galicia, rogamos habiliten xa o retén de vixilancia no Pico Sacro e contacten cos veciños voluntarios que, por posuír maquinaria axeitada habitualmente colaboran co Concello na extinción de incendios. Rogamos igualmente que lles manifesten aos veciños voluntarios que o Concello correrá con calquera gasto por danos na súa maquinaria que poidan derivarse do labor de extinción.



--Don José A. Pose do BNG reitera o rogo de que se arranxe as fochas da zona de Marzán -Fufín, porque senón non lle queda máis remedio que recorrer a aqueles carteis que aparecían polo concello.

A Presidencia contéstalle que efectivamente é unha necesidade como acontece con demais lugares do concello, e que se está a redactar un plan para levar a cabo o arranxo das fochas de todo o Concello.

13º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP núm. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece unha quenda de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

Intervén don Inocencio Álvarez en calidade de Presidente da AA.VV de Santa Cruz de Ribadulla e formula os seguintes rogos:

1º.- Que se adapten os accesos e baños da área recreativa de Agronovo á normativa sobre do acceso de persoas con discapacidade, así como os baños da casa de cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

2º.- Que se solicite á D.X. de Correos a colocación dunha caixa de correos en Santa Cruz de Ribadulla.

3º.- Esixir a colocación de varandas entre a antiga farmacia e a vía férrea.

4º.- Que se esixa a quen compete o arranxo dun cruce de pluviais xunto do Bar o Patio.

A Presidencia en relación coa colocación de varandas de protección en Santa Cruz di que efectivamente foi un compromiso persoal, e que xa se solicitaron presupostos e estase a ver cal é a mellor maneira de colocalas.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.